

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XERENCIA INTEGRADA DE SANTIAGO ORGANIZA ACTIVIDADES FORMATIVAS E INFORMATIVAS SOBRE A IMPORTANCIA DA MASAXE CARDÍACA

- Hoxe é o Día Europeo de Concienciación ante o Paro Cardíaco, polo que no Hospital Clínico e no de Conxo, médicos intensivistas realizan talleres para usuarios
- Máis de 30.000 persoas morren cada ano en España por un paro cardíaco súbito. Moitas poderían salvarse se calquera persoa que se atopara ao seu redor soubera iniciar a masaxe cardíaca de emerxencia mentres se espera ao servizo sanitario
- A campaña **“todos os cidadáns do mundo poden salvar unha vida”** é unha iniciativa da European Resuscitation Council á que se unen a Sociedade Española e Galega de Medicina Intensiva Crítica e Unidades Coronarias (SEMICYUC e SOGAMIUC)
- Formar á poboación en reanimación cardiopulmonar é unha recomendación da Comisión Europea e unha necesidade social.

Santiago, 16 de outubro de 2018.- Profesionais da UCI da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago organizaron ao longo da mañá actividades formativas e informativas sobre a importancia da masaxe cardíaca. Así veñen a sumarse á celebración do Día Europeo de Concienciación ante o Paro Cardíaco.

Máis de 30.000 persoas morren cada ano en España por un paro cardíaco súbito. Moitas poderían salvarse se calquera persoa que se atopara ao seu redor soubera iniciar a masaxe cardíaca de emerxencia mentres se espera aos servizos sanitarios. Existen estimacións que indican que se poderían salvar máis de 100.000 vidas cada ano en toda Europa.

A campaña **“todos os cidadáns do mundo poden salvar unha vida”** é unha iniciativa da *European Resuscitation Council* á que se unen a *Sociedade Española e Galega de Medicina Intensiva Crítica e Unidades Coronarias* (SEMICYUC e SOGAMIUC)

Médicos intensivistas da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago instalaron, ao longo desta mañá, dúas mesas informativas con talleres para a cidadanía no Hospital Clínico Universitario e no Hospital Médico Cirúrxico de Conxo. Todos os interesados

Gabinete de Comunicación e Imaxe da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago
Travesía da Choupana s/n - 15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981950023 / 981 950967

Correo-e: premsa.santiago@sergas.es

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

puideron aprender, sobre bonecos simuladores, técnicas de resucitación cardiopulmonar (RCP) unha técnica que axuda a salvar vidas. Formar á poboación en reanimación cardiopulmonar é unha recomendación da Comisión Europea e unha necesidade social.

Saúdos,
Gabinete de Comunicación de la Xerencia de Xestión Integrada de Santiago